

1. Fai un esquema sobre a Revolución Francesa. Unha vez feito cas subfases (a), ordenadas cronoloxicamente, complétaos cos fitos (b).

Fases	Subfases (a)	Fitos (b)
Etapa Prerevoluc., 1787	Asemblea de Notables,	Os privilexiados néganse a pagar impostos
Comezo da Revolución (Monarquía), 1789-92	Estados Xerais	Cadernos de queixas
	Asemblea Nacional	Xuramento do xogo de pelota
	Asemblea Constituínte	Toma da Bastilla, Declaración dos dereitos do home, 1º constitución monárquica de 1791 O “gran medo”
	Asemblea Lexislativa	Asalto o palacio das Tullerías
Radicalización da Revolución (República), 1792- 99	Convención Xirondina.	Proclamación da República, Execución de Luís XVI.
	Convención Montañesa ou Xacobina	Constitución democrática e republicana de 1793, Robespierre (O Terror)
	Directorio	Nova Constitución moderada de 1795, Executivo formado por 5 membros, Golpe de estado: tres cónsules.
Goberno persoal de Napoleón (1799-1815)	Consulado	Golpe de estado: tres cónsules, Cónsul vitalicio
	Imperio Napoleónico	Napoleón emperador, Política expansionista

2. Contesta e realiza.

a. Que son as Trece Colonias? En que se converten trala súa independencia?

Unha colonia que os británicos fundaron na costa leste Norteamérica.

Unha vez independizada convirtese nos EEUU.

b. A orixe do problema entre as Trece Colonias e o Reino unido tivo unha base económica. Explica en que consisten estes conflitos económicos.

- O RU quería dispoñer das materias primas americanas, pero non desenvolver a industria colonial.
- Reservábase o monopolio comercial, o que dificultaba o comercio cas outras zonas de América.

c. Como e cando se converteu este nun conflito armado?

- En 1773, o Parlamento británico estableceu as Tea Acts, que deron o monopolio da venda de té nas colonias á Compañía Inglesa das Indias Orientais.
- Os americanos responderon co chamado “Motín do té” atacando barcos británicos cargados de té no porto de Boston.
- Este foi o comezo da guerra da Independencia.


d. Por que se considera a independencia dos EEUU unha revolución liberal?

Por que na Declaración dos Dereitos de Virxinia Jefferson enunciaban os principios de soberanía nacional, división de poderes e sufraxio, o que convertía esta guerra nunha revolución liberal.


1773, 1775, 1776, 1783, 1787, 1789

e. Ordena os seguintes datos e fai unha liña do tempo.

- Declaración de Independencia
- Guerra contra o Reino Unido
- 1º Constitución liberal do mundo
- RU reconece a independencia dos EEUU
- George Washington 1º Presidente
- Motín do té de Boston



3. Fai un esquema das causas e a consecuencia principal da Revolución Francesa.



4. Contesta. Estados xerais, Asambleas Nacional, Constituinte e Lexislativa.

a. Cales son os tres estamentos que participan nos Estados Xerais?

Nobreza e clero (privilexiados) e terceiro estado (non privilexiados).

b. Que dúas formas de voto se discutiron?

A que estamentos conviña cada un dos sistemas? Explica.

- Votar por estamentos: daría maioría os privilexiados xa que terían 2 votos (nobreza e clero) fronte a 1 do terceiro estado.
- Votar por persoa: daría a maioría a un terceiro estado que tiña máis membros que nobreza e clero xuntos.

c. Que foi a Asambleas nacional? Unha asamblea formada por membros do terceiro estado e que se consideran os únicos con lexitimidade para representar a Francia. Asumen soberanía nacional.

Que xuran na sala do Xogo de Pelota?

Xuraron permanecer unidos ata dar a Francia unha Constitución e a Asemblea pasou a chamarse Asemblea Constituínte.

d. Cales foron os grandes fitos que acadou a Asamblea Constituínte?

- Aboliu os dereitos feudais
- Aprobou a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán, en que se recoñecían e garantían
- Supuxo o final do absolutismo e o triunfo da revolución liberal.

e. Enumera os principais problemas os que se enfrontou a Revolución no período da Asamblea Lexislativa?

- A oposición da nobreza e do clero, e á do propio monarca, que se resistían a perder os privilexios.
- As monarquías europeas tamén se sentiron ameazadas pola revolución, e declararon a guerra a Francia.
- Outros grupos consideraban as reformas insuficientes. Entre os revolucionarios radicais destacaron os xacobinos, apoiados polos sans-culottes.

5. Radicalización da Revolución.

a. Cales son as dúas faccións máis importantes da revolución?

- Os xirondinos, republicanos moderados que controlaron a asemblea inicialmente.
- Os xacobinos ou montañeses, máis radicais.

b. Porque e como se deu o paso de monarquía a república?

- En 1792, o pobo de París, que culpaba o rei das primeiras derrotas francesas, asaltou o palacio das Tullerías (residencia real), e o monarca foi destituído pola Asemblea.
- Nunha novas eleccións naceu unha asemblea chamada Convención Nacional, que aboliu a monarquía e proclamou a República.
- A Convención xulgou e condenou a Luís XVI por traizón en 1793 e foi executado na guillotina.

b. Que cambios no poder se producen co golpe de estado do 1793? Quen foi o lider do novo goberno?

O poder pasa dos xirondinos moderados aos xacobinos, moito máis radicais.

O líder foi Robespierre.

c. Que foi o Terror?

Un réxime político, na etapa da Convención montañesa, no que calquera persoa sospeitosa de non apoiar a República podía ser xulgada e condenada a morte na guillotina, incluso sen probas (50.000 persoas foron executadas).

d. Que era o Directorio?

Un órgano colexiado de 5 membros que controlaban o poder executivo na etapa do mesmo nome.

6. Constitucións

a. Cal son as diferencias fundamentais entre as constitucións de 1791 e 1793?

Diferencias entre as constitucións de 1791 e 1793	
1791	1793
- Soberanía nacional - A forma de goberno era a monarquía parlamentaria. - Establece a división de poderes pero o rei podía vetar as leis. - A Asemblea elixírase por sufraxio censitario, é dicir, restrinxido.	- Soberanía popular - A forma de goberno era a república, aínda que Robespierre asumiu todos os poderes e implantou unha ditadura - A Asemblea elixírase por sufraxio universal masculino.

7. Contesta: Napoleón.

a. Como se coñecen as dúas fases nas que Napoleón instaura un réxime personalista?

O consulado (Napoleón cónsul vitalicio) e o Imperio Napoleónico.

b. Completa o texto.

O Consulado era un réxime personalista. Napoleón acaprou todo o poder e isto reflectiuse na Constitución, na cal non había división de poderes. En 1799 foi nomeado primeiro cónsul e en 1802 proclamouse cónsul vitalicio.

En 1804 Napoleón proclamouse emperador, desenvolveu unha política expansionista ca que logrou a hexemonía no continente

Estableceu o bloqueo continental para evitar o comercio británico con Europa. Napoleón intentou invadir Rusia, pero foi derrotado.

En 1813 foi vencido por unha coalición (RU, Prusia, Rusia e Austria) na batalla de Leipzig.

Ese mesmo ano foi derrotado tamén en España.

Os aliados chegaron ata París.

Napoleón abdicou o 6 de abril de 1814 e marchou ao exilio na illa de Elba.

Retornou ao poder durante cen días, pero foi derrotado definitivamente en Waterloo (1815) e deportado a illa de Elba.

c. Observa o mapa do Imperio napoleónico da páxina 5. Enumera:

- Os estados gobernados directamente por Napoleón ou a pola súa familia:

Directamente: Francia, Reino de Holanda, Etruria, Estados Pontificios e Provincias Ilirias

Familia: España, Westfalia, Reino de Italia, Reino de Nápoles

- Os estados dependentes ou baixo influencia napoleónica:

Dependentes: República Helvética, Baviera e Gran Ducado de Varsovia.

Baixo influencia napoleónica: Imperio de Austria, Prusia, Dinamarca e Noruega.

- Os estados que permaneceron libres e foron os principais inimigos de Napoleón:

Inimigos: Reino Unido, Rusia, Suecia e Portugal

8. Enumera e completa.

a. Enumera os principais factores que favoreceron o xurdimento de movementos independentista nas colonias americanas.

- A minoría crioula era un grupo economicamente poderoso, pero descontento porque os españois dirixían a política e a recadación de impostos controlaban o comercio.

- As ideas do liberalismo foron a base ideolóxica do movemento emancipador. Sumaron os exemplos da independencia de EEUU e a Revolución francesa.

- Os intereses do RU, que desexaba a independencia para poder comerciar libremente con colonias.

b. Completa este texto da independencia das colonias americanas.

- O movemento comezou en Arxentina baixo o liderado do xeneral San Martín, que proclamou a independencia deste territorio en 1816.
- Despois, derrotou os os exércitos realistas en Chacabuco e Maipú, o que orixinou a independencia de Chile (1818).
- No norte, Simón Bolívar conseguiu a independencia de Colombia (1819)
 - Creou a República da Gran Colombia, formada polas actuais Colombia, Panamá, Venezuela e Ecuador.
- Os libertadores atacaron Perú desde o norte e o sur, e lograron a independencia en 1824.
- México obtivo a independencia en 1821 da man do xeneral conservador Agustín de Iturbide.

Bolivia independizouse en 1825 e Uruguai en 1828.

9. Enumera os principios ideolóxicos da restauración:

- Lexitimismo monárquico.
- Responsabilidade internacional. As grandes potencias poderían intervir noutro país se unha monarquía lexítima estaba ameazada.
- Sistema de congresos. A grandes potencias reuníanse para resolver os problemas internacionais.

- As principais potencias europeas reuníronse no **Congreso de Viena** (1814-1815), presidido por **Metternich**, para garantir unha paz duradeira e evitar novas revolucións. No Congreso remodelouse o **mapa de Europa**:
- As potencias europeas trataron de consolidar a Restauración mediante unha serie de alianzas. Estas deron lugar á formación de dous bloques diferentes:
- A **Santa Alianza**,
- Integrada por **Prusia, Rusia e Austria**.
 - Tiña un fin diferente ás alianzas estratéxicas que xurdiron do Congreso de Viena.
 - De carácter **antiliberal**,
 - recoñecía a orixe divina do poder dos reis.
 - os seus membros comprometíanse a intervir onde fose necesario para defender o absolutismo e sufocar calquera movemento revolucionario.
- A **Cuádrupla Alianza**,
- Formada polo **Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia**.
- En 1818 incorporouse **Francia**, converténdose así na **Quíntupla Alianza**.
 - Tiña un carácter **militar** e os países que a asinaron comprometéronse a
 - manter no trono de Francia a Luís XVIII.
 - defender a orde creada no Congreso de Viena.

10. Contesta.

a. Cales foron os dous principais factores ou fundamentos revolucionarios? Explica.

- Nacionalismo: A invasión napoleónica e a existencia de territorios separados cunha cultura e lingua comúns ou a de Estados con pobos e culturas diferentes exacerbara o sentimento de pertenza a unha nación e a reivindicación da súa unificación ou independencia, respectivamente.
- Liberalismo. Esta ideoloxía sostíña que os poderes do monarca debían estar limitados por unha Constitución, en que se recoñecesen a soberanía nacional e as liberdades individuais.

b. Que tres ondas revolucionarias houbo na primeira metade do século XIX? 1820, 1830 e 1848.

c. En que país comeza a primeira onda revolucionaria? España.

Que país se independiza nesta 1ª onda revolucionaria? De que imperio ?

Grecia do imperio Otomano (Turquía).

d. En que país comeza a segunda onda revolucionaria? Francia

Que país se independiza na 2ª? De que país? Bélxica de Países Baixos.

e. En que país comeza e ten máis importancia a 3ª onda revolucionaria? Francia.

Que sistemas políticos se sucederon neste país dende ese momento?

Monarquía --> 2ª República --> 2º Imperio.

Que novidade ideolóxica presenta a última desta serie de revolucións?

A democracia.

11. Contesta e completa

a. Que dous tipos de nacionalismo xurdiron no século XIX? _____ e _____
Pon un par de exemplos de cada tipo de nacionalismo.

A unificación italiana iniciouse en 1859 e atravesou varias fases:

1859. O ministro _____ logrou que Francia apoiase as demandas italianas fronte aos _____. Estes foron derrotados, e entregaron _____.

1860-1861. O sur de Italia vinculouse a Piemonte tras a expedición dos “camisas vermellas” de _____, que se apoderaron de _____.

En 1861, reuniuse en Turín o primeiro parlamento italiano e _____ foi proclamado rei.

1866. Piemonte apoiou a Prusia na súa guerra contra Austria, e anexionou _____.

1870. Os piemonteses aproveitaron a retirada dos franceses pola guerra franco-prusiana para ocupar _____.

12. Que é o nacionalismo?

A unión de Alemaña desenvolveuse en poucos anos. Pódense distinguir tres fases diferentes

Primeira fase (1864). Un problema sucesorio en dous ducados baixo a autoridade de _____, pero con maioría de poboación alemá, permitiu a Prusia invadir e anexionar estes territorios.

Segunda fase (1866-1869). Prusia enfrontouse a _____, o outro grande Estado alemán. Tras a invasión do ducado de Holstein por Prusia, creouse a _____.

Terceira fase (1870-1871). Para lograr a anexión dos Estados do sur de Alemaña, Prusia provocou o estalido dunha guerra con _____.

A unificación dos territorios alemáns desembocou en 1871 na proclamación do _____, e _____ foi coroado emperador.

O novo país, rexido polo chanceler _____.